

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

Artigo 1. Normativa aplicable

O Imposto sobre Actividades Económicas rexerese neste concello:

- a) Polas normas contidas no capítulo segundo, sección 3ª, subsección 3ª, da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan a dita Lei.
- b) Polas Tarifas e Instrucción do imposto, aprobadas polo Real Decreto Legislativo 1175/1990, do 28 de setembro, e polo Real Decreto Legislativo 1259/1991, do 2 de agosto.
- c) Pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2. Natureza e feito imponible

1. O Imposto sobre Actividades Económicas é un tributo directo de carácter real. O seu feito imponible está constituído polo mero exercicio dentro do termo municipal de actividades empresariais, profesionais o artísticas, se exerzan ou non nun local determinado, e figuren ou non especificadas nas Tarifas do imposto.
2. Para os efectos deste imposto consideraranse actividades empresariais as gandeiras cando teñan carácter independente, as mineiras, as industriais, as comerciais e as de servizos. Polo tanto, non teñen esta consideración as actividades agrícolas, as gandeiras dependentes, as forestais e as pesqueiras, e ningunha delas constitúe o feito imponible do imposto. Ten a consideración de gandería independente a definida como tal no parágrafo segundo do artigo 79.2 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.
3. Considerarase que una actividade se exerce con carácter empresarial, profesional ou artístico cando supoña a ordenación por conta propia de medios de produción e de recursos humanos ou dun destes, coa finalidade de intervir na produción ou distribución de bens ou servizos.
4. O contido das actividades gravadas é o definido nas tarifas do imposto.
5. O exercicio das actividades gravadas probarase por calquera medio admisible en dereito e, en particular, polos previstos no artigo 3 do Código de Comercio.

Artigo 3.- Supostos de non suxeición

Non constitúe feito imponible neste imposto o exercicio das actividades seguintes:

- a) A enaxenación de bens integrados no activo fixo das empresas que figurasen debidamente inventariados como tal inmovilizado con máis de dous anos de antelación á data de se transmitir a venda de bens de uso particular e privado do vendedor sempre que os tivese utilizado durante igual período de tempo.
- b) A venda dos produtos que se reciben en pago de traballos persoais ou servizos profesionais.
- c) A exposición de artigos co fin exclusivo de decoración ou de adorno do establecemento. Polo contrario, estará suxeita ó imposto a exposición de artigos para regalo ós clientes.
- d) Cando se trate de venda polo miúdo, a realización dun solo acto ou operación illada.

Artigo 4.- Exencións

1. Están exentos do imposto:

- a) O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, así como os organismos autónomos del Estado e as entidades de dereito público de análogo carácter das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais.
- b) Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio da súa actividade neste concello, durante os dous primeiros períodos impositivos nos que aquela se desenvolva.

Para estes efectos, non se considerará producido o inicio do exercicio da actividade cando esta se exerce anteriormente baixo outra titularidade, circunstancia que se entenderá concorrente, entre outros supostos, nos casos de fusión, escisión ou aportación de ramas de actividade.

- c) Os seguintes suxeitos pasivos:
 - As persoas físicas.
 - Os suxeitos pasivos do Imposto sobre Sociedades, as sociedades civís e as entidades do artigo 33 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, Xeral Tributaria, que teñan un importe neto da cifra de negocios inferior a 1.000.000 de euros.
 - En canto ós contribuíntes polo Imposto sobre a Renda de Non Residentes, a exención só alcanzará ós que operen en España mediante

establecemento permanente, sempre que teñan un importe neto da cifra de negocios inferior a 1.000.000 de euros.

Para a aplicación da exención prevista nesta letra, teranse en conta as seguintes regras:

- 1º O importe neto da cifra de negocios determinarase de acordo co previsto no artigo 191 do Texto Refundido da Lei de Sociedades Anónimas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro.
- 2º O importe neto da cifra de negocios será, no caso dos suxeitos pasivos do Imposto sobre Sociedades ou dos contribuíntes polo Imposto sobre la Renda de Non Residentes, o do período impositivo do que o prazo de presentación de declaración polos ditos tributos conclúese no ano anterior ó devengo deste imposto. No caso das sociedades civís e as entidades referidas no artigo 33 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, Xeral Tributaria, o importe neto da cifra de negocios será o que corresponda ó penúltimo ano anterior ó devengo deste imposto.

Se o dito período impositivo tivese unha duración inferior ó ano natural, o importe neto da cifra de negocios elevarase ó ano.

- 3º Para o cálculo do importe da cifra de negocios do suxeito pasivo terase en conta o conxunto das actividades económicas que exerza. Non obstante, cando a entidade forme parte dun grupo de sociedades no sentido do artigo 42 do Código de Comercio, o importe neto da cifra de negocios referirase ó conxunto de entidades pertencentes ó dito grupo e entenderase que os casos do artigo 42 do Código de Comercio son os recollidos na Sección 1 do Capítulo I das normas para a formulación de las contas anuais consolidadas, aprobadas polo Real Decreto 1815/1991, do 20 de decembro.
 - 4º No suposto dos contribuíntes polo Imposto sobre la Renda de Non Residentes, atenderase ó importe neto da cifra de negocios imputable ó conxunto dós establecementos permanentes situados en territorio español.
- d) As entidades xestoras da Seguridade Social, e as mutualidades de previsión social reguladas pola Lei 30/1995, do 8 de novembro, de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados.
- e) Os organismos públicos de investigación, os establecementos de ensino en todos os seus grados costeados integramente con fondos do Estado, das Comunidades Autónomas, ou das Entidades Locais, ou por fundacións declaradas benéficas ou de utilidade pública, e os establecementos de ensino en todos os seus grados que, carecendo de animo de lucro, estivesen en réxime de concerto educativo, incluso se facilitasen ós seus alumnos libros ou artigos de escritorio o lles prestasen os servicios de media pensión ou internado e anque por excepción

vendan no mesmo establecemento os produtos dos talleres dedicados ó dito ensino, sempre que o importe da dita venda, sen utilidade para ningún particular ou terceira persoa, se destine exclusivamente á adquisición de materias primas ou ó sostemento do establecemento.

- f) As asociacións e fundacións de diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, sen ánimo de lucro, polas actividades de carácter pedagóxico, científico, asistencial e de emprego que para o ensino, educación, rehabilitación e tutela de minusválidos realicen, anque vendan os produtos dos talleres dedicados ós ditos fines, sempre que o importe da dita venda, sen utilidade para ningún particular ou terceira persoa, se destine exclusivamente á adquisición de materias primas ou ó sostemento do establecemento.
 - g) A Cruz Vermella Española.
 - h) Os suxeitos pasivos ós que lles sexa de aplicación a exención en virtude de Tratados o Convenios Internacionais.
2. Os suxeitos pasivos a que se refiren as letras a), d), g) y h) do apartado anterior non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto.
3. O Ministro de Facenda establecerá en que supostos a aplicación da exención prevista en la letra c) do apartado 1 anterior esixirá a presentación dunha comunicación dirixida á Axencia Estatal de Administración Tributaria na que se faga constar que se cumpren os requisitos establecidos na dita letra para a aplicación da exención. Esta obriga non se esixirá, en ningún caso, cando se trate de contribuíntes por el Imposto sobre la Renda de las Persoas Físicas.

Os suxeitos pasivos que aplicasen a exención prevista na letra b) do parágrafo 1 presentarán a comunicación, no seu caso, no ano seguinte ó posterior ó do inicio da súa actividade.

Respecto das variacións que poidan afectar á exención prevista na letra c) do apartado 1 anterior, estarase ó previsto no artigo 91.2 de la Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora de las Facendas Locais.

4. Os beneficios regulados nas letras b), e) y f) do parágrafo 1 teñen carácter rogado e concederanse, cando proceda, a instancia de parte. As solicitudes destas exencións presentaranse, xunto coa declaración de alta no imposto, na entidade que leve a cabo la xestión censal, e deberán estar acompañadas da documentación acreditativa. O acordo estimatorio da petición fixará o exercicio dende o que o beneficio fiscal se entende concedido.

As exencións a que se refire este apartado que sexan solicitadas antes de que a liquidación correspondente adquira firmeza terán efectos dende o inicio do período impositivo a que se refire a solicitude, sempre que na data en que se orixina o dereito a percibir o tributo concorran os requisitos legalmente esixibles para gozar da exención.

Artigo 5. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas o xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 de la Lei Xeral Tributaria sempre que realicen neste concello calquera das actividades que orixinan o feito imponible.

Artigo 6.- Cota tributaria

A cota tributaria será o resultado de aplicar á cota de tarifa a que se refire el articulo seguinte, o coeficiente de ponderación regulado no artigo 8 e, no seu caso, o coeficiente de situación regulado no artigo 9 da presente ordenanza.

Artigo 7.- Cota de tarifa

A cota de tarifa será la resultante de aplicar las Tarifas e Instrucción del Imposto aprobadas polo R. Decreto-Legislativo 1175/1990, do 28 de setembro, e polo R. Decreto-Legislativo 1259/1991, do 2 de agosto.

Artigo 8.- Coeficiente de ponderación

De acordo co previsto no artigo 87 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora de las Facendas Locais, sobre as cotas municipais fixadas nas tarifas aplicarase, en todo caso, un coeficiente de ponderación, determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo, de acordo co seguinte cadro:

Importe neto da cifra de negocios	Coeficiente
Desde 1.000.000,00 hasta 5.000.000,00	1,29
Desde 5.000.000,00 hasta 10.000.000,00	1,30
Desde 10.000.000,00 hasta 50.000.000,00	1,32
Desde 50.000.000,00 hasta 100.000.000,00	1,33
Más de 100.000.000,00	1,35
Sen cifra neta de negocio	1,31

Para os efectos da aplicación deste coeficiente, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ó conxunto de actividades económicas exercidas por el e determinarase de acordo con lo previsto en la letra c) do artigo 4 da ordenanza.

Artigo 9 .- Coeficiente de situación

Sen contido.

Artigo 10 .- Bonificacións

1. Sobre a cota tributaria aplicaranse, en todo caso, as seguintes bonificacións:
 - 1º As cooperativas, así como as súas unións, federacións e confederacións e as sociedades agrarias de transformación, terán a bonificación do 95 por cento da cota e, no seu caso, dos recargos, nos termos previstos na Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Cooperativas.
 - 2º Unha bonificación do 50 por cento da cota correspondente, para quen inicie o exercicio de calquera actividade profesional, durante os cinco anos de actividade seguintes á conclusión do segundo período impositivo de desenvolvemento dela. O período de aplicación da bonificación caducará transcorridos cinco anos dende o remate da exención prevista na letra b) do apartado 1 do artigo 4 da presente ordenanza.
2. Establécense as seguintes bonificacións a favor dos suxeitos pasivos que as soliciten por cumprir os requisitos esixidos en cada caso:
 - 1º Unha bonificación del 50 por 100 da cota correspondente, para quen inicie calquera actividade profesional, durante os cinco anos de actividade seguintes á conclusión do segundo período impositivo do seu exercicio. O período de aplicación da bonificación caducará transcorridos cinco anos dende o remate da exención prevista na letra b) do apartado 1 do artigo 4 da ordenanza.
 - 1.1 Para poder gozar desta bonificación requírese que a actividade económica non fora exercida anteriormente baixo outra titularidade, nin baixo a mesma. Entenderase exercida anteriormente baixo outra titularidade, entre outros, nos seguintes supostos:
 - a) Fusión, absorción ou aportación de ramas de actividade.
 - b) Transformación de Sociedades.
 - c) Que o titular que se da de alta sucedera na explotación da actividade a un familiar vinculado a el por liña directa ou colateral ata o segundo grado en consanguinidade ou afinidade.
 - d) Cando o titular que se da de alta fose unha Comunidade de Bens ou Sociedade, na que os comuneiros ou socios exerceran anteriormente unha actividade empresarial das comprendidas na Sección 1ª das Tarifas.
 - 1.2 Para os efectos do outorgamento desta bonificación, entenderase que o suxeito pasivo non inicia a actividade nos seguintes supostos, entre outros:

- a) Cando a alta sexa consecuencia dun cambio dun epígrafe a outro dentro das actividades clasificadas na Sección 1ª das Tarifas, sexa este cambio voluntario, por imperativo legal ou para emendar unha cualificación anteriormente errónea.
 - b) Cando a alta signifique unha ampliación de actividade empresarial por estar xa de alta en algún epígrafe da Sección 1ª das Tarifas.
 - c) Cando a alta sexa consecuencia da apertura dun novo local afecto a unha actividade que xa está exercendo.
- 1.3 Os suxeitos pasivos que consideren ter dereito á bonificación por inicio de actividade e cumpran tódolos requisitos establecidos nos apartados 2.1 e 2.2 anteriores presentarán solicitude expresa de bonificación achegando:

- Declaración xurada de non ter exercido actividade empresarial con anterioridade nin suceder na actividade a familiar vinculado a el por liña directa ou colateral ata o segundo grado de consanguinidade ou afinidade.
- Escritura de constitución para o caso de Sociedades e Comunidades de Bens.

A concesión deste beneficio fiscal, surtirá efectos para o exercicio seguinte a aquel en que se formule.

- 2º Os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que teñan incrementado o termo medio do seu cadro de persoal con contrato indefinido durante o período impositivo inmediato anterior ó da aplicación da bonificación, en relación co período anterior a aquel, gozarán da seguinte bonificación sobre a cota tributaria:

Incremento no nº empregados con contrato indefinido	Bonificación
Entre o 5 % e o 10%	10%
Máis de 10% e ata o 20%	20%
Máis do 20%	30%

2.1A documentación acreditativa é a seguinte:

- a) Fotocopias dos TC's correspondentes ós traballadores con contrato indefinido relativos ós períodos impositivos ós que se refire o parágrafo anterior.
- b) Fotocopias dos contratos laborais dos traballadores contratados no período impositivo inmediato anterior ó de aplicación da bonificación.

2.2 Esta bonificación aplicárase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións referidas nos anteriores apartados.

- 3º Unha bonificación do 50 por cento da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e reúnan os seguintes requisitos:

Primeiro: que utilicen ou produzan enerxía a partir de instalacións para o aproveitamento de enerxías renovables ou sistemas de coxeneración. Para estes efectos, consideraranse instalacións para o aproveitamento das enerxías renovables as contempladas e definidas como tales no Plan de Fomento das Enerxías Renovables, e terán a consideración de sistemas de coxeneración los equipos e instalacións que permitan a produción conxunta de electricidade e enerxía térmica útil.

Segundo: que realicen as súas actividades industriais, dende o inicio da súa actividade ou por traslado posterior, en locais ou instalacións alongadas das zonas máis poboadas do termo municipal.

Terceiro: que establezan un plan de transporte para os seus traballadores que teña por obxecto reducir o consumo de enerxía e as emisións causadas polo desprazamento ó lugar do posto de traballo e fomentar o emprego dos medios de transporte máis eficientes, como o transporte colectivo ou o compartido.

Esta bonificación aplicárase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións referidas nos anteriores apartados.

- 4º Unha bonificación do 50 por cento da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen pola cota municipal e teñan unha renda ou rendemento neto da actividade económica negativo.

Como documentación acreditativa achegarase copia debidamente legalizada da conta de perdas e ganancias correspondente ó período impositivo inmediato anterior ó da aplicación da bonificación.

Esta bonificación aplicárase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións referidas nos anteriores apartados.

Artigo 11. Reducións da cota

1. Sobre a cota tributaria, bonificada, no seu caso, por aplicación do disposto no artigo anterior, aplicaranse as reducións seguintes, de acordo co disposto no artigo 76.1.9 da Lei 41/1994, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 1995:

- a) Cando se realicen obras nas vías públicas que teñan unha duración superior a tres meses dentro do mesmo período impositivo e afecten a locais nos que se

realicen actividades clasificadas na división 6ª da Sección 1ª das Tarifas do imposto, os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal terán dereito a unha redución da cota en función da duración das obras, atendendo ás porcentaxes e condicións seguintes:

Obras con duración de 3 a 6 meses	20%
Obras con duración de 6 a 9 meses	30%
Obras con duración de máis de 9 meses	40%

O suxeito pasivo deberá instar esta redución no prazo máximo dun mes dende que o local deixara de estar afectado polas obras, sexa porque estean rematadas totalmente ou a súa continuación xa non afectase ó tramo onde está radicado o local. Se as obras se prolongasen máis do 31 de decembro, os suxeitos pasivos formularán a correspondente solicitude de redución do ano finalizado, antes do 31 de xaneiro. No caso de cese de actividade, o prazo máximo será dun mes dende a data de baixa no imposto.

A solicitude deberá ir acompañada de:

- a) Copia do último recibo de IAE ou copia da declaración de alta relativos a actividade e local de que se trate.
- b) Último recibo da taxa por abastecemento de auga.
- c) Plano de situación do local.

A redución practicarase na liquidación do ano inmediatamente seguinte ó da solicitude.

Non serán estimadas as solicitudes de redución formuladas fora dos prazos sinalados ou presentadas sen a documentación esixida. Excepcionalmente poderán estimarse, se a liquidación na que debe surtir efectos a redución non tivese adquirido firmeza.

- b) Respecto dos locais nos que se realicen obras maiores para as que se requira obter a correspondente licenza urbanística, teñan unha duración superior a tres meses dentro do mesmo período impositivo, e sempre que debido a elas os locais permanezan cerrados, a cota correspondente reducirase en proporción ó número de días de peche do local.

O suxeito pasivo deberá instar esta redución no prazo máximo dun mes dende o remate das obras e, se procede, unha vez concedida, terá que solicitar a correspondente devolución de ingresos indebidos polo importe de aquela.

A solicitude deberá ir acompañada de:

- a) Copia do último recibo de IAE ou copia da declaración de alta relativos a actividade e local de que se trate.

- b) Último recibo da taxa por abastecemento de auga.
- c) Copia do acordo ou resolución da licenza concedida.
- d) Certificado de final de obra.

Non serán estimadas as solicitudes de redución formuladas fora dos prazos sinalados ou presentadas sen a documentación esixida. Excepcionalmente poderán estimarse, se a liquidación na que debe surtir efectos a redución non tivese adquirido firmeza.

- 2. Non se aplicarán outras reducións da cota que as reguladas no apartado anterior e as previstas nas tarifas do imposto.

Artigo 12.- Período impositivo e devengo

- 1. O período impositivo coincide co ano natural, agás nas declaracións de alta, caso no que se estenderá dende a data de comezo da actividade ata o final do ano natural.
- 2. O devengo, ou dereito a percibir este imposto, orixínase o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irreductibles, salvo cando, nos casos de declaración de alta, o día de comezo da actividade non coincida co ano natural, suposto no que as cotas se calcularán proporcionalmente ó número de trimestres naturais que falten para rematar o ano, incluído o do comezo do exercicio da actividade.
- 3. Tratándose das actividades clasificadas nos epígrafes 833.1, 833.2, 965.1, 965.2 y 965.5 da Sección 1 das tarifas do imposto, devengarase o 1 de xaneiro de cada ano a parte da cota correspondente ós metros vendidos ou espectáculos celebrados no exercicio anterior. No caso de cese na actividade, a declaración complementaria presentarase xunto coa declaración de baixa.

Así mesmo, e no caso de baixa por cesamento no exercicio da actividade, as cotas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza o cesamento. Para isto, os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente ós trimestres naturais nos que non se exercese a actividade.

Artigo 13. Xestión

Son de competencia exclusiva do concello a liquidación, a recadación e a inspección das cotas municipais deste imposto, así como a revisión dos actos dictados en vía de xestión tributaria, sen prexuízo das fórmulas de colaboración con outras Administracións públicas que se establezan para o exercicio das correspondentes funcións de recoñecemento e denegación de exencións e bonificacións, realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, emisión dos documentos de cobramento, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se



interpoñan contra os ditos actos, e actuacións para a asistencia e información ó contribuínte referidas ás materias comprendidas neste artigo, todo isto de conformidade co establecido na Lei Xeral Tributaria, na Lei de Dereitos e Garantías do Contribuínte, no Regulamento Xeral de Recadación, na Lei de Facendas Locais e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA. Modificacións do imposto

As modificacións introducidas na regulación do imposto polas Leis de Orzamentos Xerais do Estado e demais leis ou disposicións, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita desta ordenanza.

	Acordo	Publicación B.O.P.
Aprobación inicial	Pleno 07.05.1992	BOP 30.06.1992
Modificación	Pleno 11.03.1994	24.03.1994
Modificación	Pleno 10.11.2003	26.12.2003